



Concello de Verín

Bases concurso

Artigo 1.- Participantes e inscricións

1.- Poderán participar no concurso calquera establecemento hostaleiro de Verín, independentemente da súa categoría ou calificación e que dispoñan da correspondente licencia de apertura en vigor.

2.- O período de inscrición estará aberto dende o día 24 de febreiro ao 2 de marzo de 2026, ambas datas inclusive.

3.- A inscrición formalizarase enviando un correo electrónico omic@verin.gal ou presencialmente na OMIC (Casa da Xuventude).

4.- No formulario de inscrición será necesario achegar:

- Datos completos do establecemento
- Teléfono de contacto
- Nome do pincho
- Listado de ingredientes empregados na súa elaboración.
- Fotografía do pincho
- Días e horario da degustación de pinchos. O horario mínimo será de 12:00 a 14:00 e de 20:00 a 10:30 horas. (antes e despois deste horario cada establecemento poderá ampliar o tempo que considere, información que terá que aparecer na fotografía do pincho).

A participación dos xerentes autorizan á organización a publicación dos pinchos presentados nos medios ou redes sociais que considere oportuno

Artigo 2.- Datás de celebración

O concurso “Pincha no Lázaro”, celebrarase os días, 18, 19, 20 e 21 de marzo de 2026.

Artigo 3.- Técnica de elaboración

Cada establecemento poderá presentar un único pincho.

O incumprimento desta condición levará á descalificación automática do concurso. Ademais, será obrigatorio indicar de forma visible os ingredientes empregados para previr posibles problemas relacionados con alerxias ou intolerancias alimentarias.



Concello de Verín

Artigo 4.- Prezo do pincho

O prezo do pincho será de 2,50€. Aqueles establecementos que sobrepasen ou reduzan este prezo quedarán automaticamente descalificados.

Artigo 5.- Xurado

XURADO TÉCNICO. Os membros do xurado acudirán por todos os establecementos participantes, discretamente e sen identificar e probarán e calificarán todos os pinchos ao concurso . A media obtida das súas puntuacións dará lugar a ranking e clasificación dos participantes. Os criterios de valoración serán os seguintes:

- sabor (1 ao 5)
- presentación (1 ao 5)
- dificultade na elaboración (1 ao 5)

XURADO POPULAR. Cada establecemento participante contará con papeletas que entregarán ao público que consuma dito pincho. O público poderá indicar na papeleta co seu voto (do 1 ao 5) a valoración do pincho, ademais de nome e apelidos, número de teléfono e nome do restaurante e depositala nun buzón que terán a disposición todos os establecementos participantes durante os días 18, 19, 20 e 21 de marzo.

Familiares directos do establecementos non poderán votar o seu pincho.

Artigo 6.- Gañadores e premios

Unha vez pechado o concurso, as urnas serán retiradas por operarios municipais o domingo pola mañá.

As decisións do xurado serán motivadas e inapelables. O recuento das papeletas realizarase o domingo 22 de marzo, levantado acta que recollerá o fallo do concurso, que será inapelable.

O sorteo das papeletas realizarase ás 13:30 horas no que se lle comunicará aos gañadores a través dunha chamada telefónica, e a entrega de premios farase ás 19:00 horas presencialmente no stand do Concello de Verín.

PREMIADOS POLO XURADO TÉCNICO (HOSTALEIROS GAÑADORES)

O establecemento gañador recibirá un diploma acreditativo de ser campións do terceiro concurso gastronómico do Lázaro polo xurado popular e diplomas ao establecementos co mellor sabor do pincho, mellor presentación e outro pola dificultade na elaboración.

PREMIADOS POLO XURADO POPULAR (CONSUMIDORES GAÑADORES)



Concello de Verín

Entre todas as votacións do público, sortearanse tamén diversos premios para os clientes, que inclúen:

- **1º PREMIO:** CONCELLO VERÍN: un vale de 100€ para gastar nos establecementos participantes.
- **2º PREMIO:** un xamón doado por Antonio Martínez
- **3º PREMIO:** un estuche de viño doado por D.O.M.
- **4º PREMIO:** un termo de alimentos sólidos doado por Tien 21
- **5º PREMIO:** un estuche de viño doado por D.O.M
- **6º PREMIO:** Un Bono regalo para escapada termal de Chaves
- **7º PREMIO:** un lote de produtos gourmet
- **8º PREMIO:** unha cesta de artesanía variada galega feita a man.

Artigo 7.- Aceptación das bases e protección de datos de carácter persoal.

A mera participación no Concurso implica a aceptación total e incondicionada das bases e da interpretación que das mesmas se leve a cabo da organización e a conformidade co fallo do xurado.

A participación no concurso implica a total aceptación das presentes bases e da decisión irrevogable do xurado. Calquera cuestión que xurdira non prevista nestas bases será resolta pola organización e terá que ser obrigatoriamente aceptada polos participantes. Ademais, a organización resérvase o dereito de modificación de calquera das presentes bases se así o considera.

En virtude da Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais solicitados serán incorporados a un ficheiro propiedade do Concello de Verín.

Os interesados/as poderán exercer, nos caso que procedan, seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito ao Rexistro Xeral do Concello de Verín.

O Concello resérvase a posibilidade de deixar o premio deserto ou anular a convocatoria se non hai resposta acorde á finalidade do concurso.



Concello de Verín